




Onde o Sol non adormece

Antón Cortizas

XERAIS






FICHA TÉCNICA

Título: *Onde o Sol non adormece*
Autor: Antón Cortizas
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 164
ISBN: 84-9782-054-1

2




O AUTOR

ANTÓN CORTIZAS

Nace en Ferrol en 1954. Mestre de profesión, é un dos escritores galegos de literatura infantil e xuvenil máis traducidos e premiados. Conta cos premios Curuxa de Humor de Fene 1986; Premio Barco de Vapor 1988 con *Memorias dun río*; Barco de Vapor 1991 con *O conto dos sete medos*; de novo Premio Barco de Vapor 1995 con *Os gritos das illas Lobeiras*; Premio Merlín 2001 con *A merla de trapo*; e tamén o Premio Mostra de Teatro Xeración Nós con *O incríbel invento de Solfis a pianista*.

Conta con obras de teatro, narrativa e poesía como *Historias, e algún percance, todas ditas en romance*. Tamén conta co libro de investigación *Chirlosmirlos. Enciclopedia de xogos populares*.

Outras obras que cómpre citar: *Xiganano ¿onde estás?*, *O lapis de Rosalía*, *A bruxa sen curuxa*, *O merlo de ferro*, *O caso das chaves desaparecidas*, *¡Cázame ese pensamento!*, *O coleccionista de sombras*, *O ladrón de ar*, *Dominicus, o dragón*, *Nos páramos da Lúa...*



O LIBRO

Días antes da súa entrada na Universidade, Pedro escribe as lembranzas da súa vida ao lado de Xulia, a súa amiga dende o berce.

A ausencia de Xulia, que daquela viaxa a Estocolmo para ser operada dunha lesión conxénita e así recobrar a vista, desencadea no mozo unha reflexión sobre todo o vivido con ela, a súa maneira de describirlle o mundo, de ensinalle a moverse por el, e ir aprendendo á vez de todo o que ela lle vai ensinando desde a súa cegueira. É tamén o tempo no que el vive o paso da amizade ao amor.

Ao tempo, a presenza dunha vella caixiña de cedro, unha especie de obxecto máxico do que imos coñecendo historias que se entrecruzan, situará a historia ao bordo do misterio e provocará un desenlace inesperado.


Novela de adolescencia, sobre a amizade e o descubrimento do amor, coa cegueira e o misterio como telón de fondo.



TEMAS E VALORES

3

- A amizade e o amor.
- A ética do coidado, o coidado dos outros. El cóidaa desde sempre, descríbelle o mundo e fai todo o posible para que ela sexa autónoma. Un papel, que podería parecer propio do mundo feminino, representado por un mozo.
- Protagonismo dunha muller invidente. Non é doado atopar a presenza de personaxes con certas discapacidades nas novelas, razón pola que neste caso debemos tela en conta.
- Linguaxe poética.
- A vida na aldea. A mar como telón de fondo desta historia.
- O misterio.



ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- Deterémonos no título. Pensaremos que pode significar, que historia se pode contar detrás deste título... Escribiremos un texto que comece así.
- Observaremos a portada e leremos esa imaxe que pode complementar o título.
- Buscaremos máis información na contraportada.
- Falaremos do autor, das súas obras... Se non temos información, buscarémola. Localizaremos os seus libros na biblioteca.
- Opinaremos sobre outros libros desta colección que teñamos lido.

AO LONGO DA LECTURA:

4

- Observaremos os datos que compoñen a ficha bibliográfica do libro. Poderemos ir elaborándoa: autor, título, editorial, colección, lugar, data, número de edición...
- Leremos a dedicatoria. Reflexionamos sobre ela. Pensaremos na dedicatoria que escribiríamos para un libro da nosa autoría. Pensaremos en dedicatorias que nos chamasen a atención.
- Miramos os títulos dos capítulos. Desta maneira iremos facéndonos unha idea de como é o tratamento do tempo na novela.
- O narrador sitúanos fronte a varios principios de relato. Buscámoslos e utilizámoslos para crear os nosos.
- Estamos ante unha linguaxe poética. Isto fará que sinalemos aqueles fragmentos que nos gusten para lerllos máis tarde aos demais.
- Comentemos algunha frase como as que seguen ou as que a ti che espertasen interese. «Escribir o día a día da vida no rostro que ofrecemos á vista da xente». «Na maior parte das vidas non sucede nada de extraordinario; pero tamén, na maior parte das vidas o extraordinario é que non sucede nada de extraordinario». «Non existe separación entre dúas persoas se, simplemente, estas se negan a medir a distancia que as afasta». «Estas follas brancas son o único horizonte que agora teño». «A distancia entre nós era maior ca os dous metros que nos separaban, entre nós existía a distancia que hai entre o día e a noite, entre a luz e a escuridade, entre a vista e a cegueira». «Os carreiros de silencio da folla en branco». «O horizonte é unha ilusión que as persoas nunca poderemos atinxir». «O mar bate coa fereza incontrolada das bágoas de sal»...
- Nas páxinas 11, 12 e 13 fálase dos elementos necesarios para construír unha novela. Sería interesante recollelos e intercambiar opinións sobre eles.
- Nalgún momento se nos di que, dos vinte e cinco anos transcorridos, dezaioito son resumidos en catorce días. Expliquémolo e di como o terías feito ti.

- A novela conta cun vocabulario moi rico. Como exemplo, observemos na páxina dezasete, os animais de mar.
- Tratemos de entresacar o significado, polo contexto, das seguintes palabras; logo poderemos confirmalo por medio do dicionario: *tampa* (páx. 28), *esteos* (113), *amplexo* (114), *mozouzóns* (116), *nascarillas* (118), *xirifeiro*, *arruzar*, *amocelo* (123), *moureo*, *amamila*, *mamilo* (24), *cantiño*, *rabuño*, *pugas* (25), *senrada* (26), *galistrar* (77), *renarte* (79), *moumear* (84), *xas* (86), *teaza* (93), *sámago* (94), *lemesiña* (31), *afalazar* (62), *cómaro* (38), *amendar* (44), *xabre* (56), *refolgos*, *abesullar* (63), *socheo* (124), *malloeiras* (128), *demeada*, *galistreiro* (130), *gambernias* (133), *bilma* (167), *vivalma* (183), *ámago* (192), *chirlosmirlos* (194)...
- Ademais de vocabulario, tamén son de resaltar os modismos como «Era moita noite» e que serviría moi ben para o comezo dun relato.
- «Os pensamentos que non se escriben, son só memoria no mellor dos casos, e ao final a memoria sempre acaba en esquecemento.» Esta parece unha boa razón para recoller os pensamentos; seguramente se che teñen ocorrido moi bos, así que ponte a escribilos.
- Na novela aparece moi ben reflectida a dificultade de tentar explicarlle algo a unha cega, por exemplo, o horizonte. Pensemos en algo determinado e como llo faríamos entender nós.
- Os lugares, como a súa aldea, poden ser tristes a base de levar tempo deshabitados. Fotografade algún lugar así, nos que se note a pena do abandono.
- Aparecen varias comparacións para o mar: radiante como un zafiro, salgado coma unha bágoa, inmenso como a liberdade... Continúa a lista de comparacións.
- Os dous mozos establecen unha especie de xogo de dobres ao preguntarse que haberá do outro lado do mar. Di ela, «ao mellor outra praia coma esta a outros rapaces coma nós que se preguntan o mesmo ca nós». Que che suxire isto?
- Busquemos cal será o lugar que está do outro lado do globo terráqueo da nosa aldea, de forma semellante a como fan eles coa súa, pero neste caso nos antípodas.
- «Quen ensina sempre pode aprender daquela persoa a quen lle ensina». Ensinándolle a ela os acenos que os videntes facemos, decatouse do rica que é a nosa expresión xestual. Pensa se a ti che ocorreu algo semellante.
- El era o seu contador do mundo, o que llo describía... Intercambiemos descrições de lugares cos compañeiros e vexamos se somos quen de adiviñar cales son.
- En relación a Compostela, o vello que atopa na alameda dille que hai que capturar «as emanacións do tempo e da historia que, coma o bafo que che sae do peito nos días de invernia, saen das pedras e escorregan polos tellados, polas fachadas e polos lousados». Escribamos un pequeno texto sobre esta cidade.
- Na novela atopamos unha serie de elementos misteriosos, como pode ser este vello que fala doutro que parece ser el mesmo, a aparición da caixa en tempos e lugares diferentes... Engade todos os que ti consideres.
- Algo que tamén nos sobrecolle son as casualidades. Busquemos algunha delas no relato.

- Tamén resultan misteriosos os presaxios e malos presentimentos en relación á caixa. Recollámoslos.
- As ganas de conseguir algo poden conseguir imposibles, como rexenerar un nervio ou... Recollede algunha outra situación deste tipo da que teñades coñecemento.
- Recollamos a lenda do ollo de Vidal e contémoslla a alguén. Busquemos ese opérculo ou tampa dunha buguina para poder facer máis real a narración.
- A mensaxe que envían na botella di: «Queremos comprobar que na amizade existe sempre un camiño de ida e volta, e que o mar ten tamén eses camiños». Que mensaxe escribirías ti?
- Recollemos algún dos recursos literarios que atopamos: «A botella furou a tona ondeante do mar»; «Abalaba ao ritmo cardíaco do océano»; «O acibeche da noite»... Continúa ti copiando aqueles que che gusten.
- Contestemos: Quen é Selene? Que é a ardora? Que herba é a armeria marítima? Cantos segundos hai en dous anos?...
- No relato aparecen varios tipos de nubes: cirros, nimbos, cúmulos, buzarras... Investigade como é cada unha delas, fotografádeas ou debuxádeas.
- Imos traballar con guías de natureza. Busquemos herbas como o alecrín ou a xanzá, cuandrigos, coucelos, carriza... Buscámolas e vemos as propiedades que teñen.
- «Na Suecia pasarás inadvertida para todo o mundo, e aquí todo o mundo está pendente de ti». Esta pode ser a diferenza entre vivir nunha aldea ou nunha gran cidade. Argumentade a decisión de vivir nun lugar determinado.
- Hai palabras que realmente nos resultan bonitas; unha delas podería ser *lilainadas*, que é o que di o pai sobre determinados contos. Facede un listado daquelas verbas que vos parezan fermosas.
- O conto do mariñeiro e o peixe que se transforma en serea e o convida a coñecer o seu palacio no fondo do mar, está relacionado coa caixa, pero tamén con outros contos que seguramente lembraredes. Este relato podería servir para explicar a orixe da caixa. Nós podemos escribir outros nos que a caixa continúe a ser un obxecto protagonista.
- Fálase da praia coma a súa casa común, unha casa cunha inmensa xanela ao horizonte. Ilustremos esta imaxe.
- Ela faille o encargo de que a noite de lúa chea, a unha hora prefixada, abra a caixa cara á lúa e ela veraa, ao mesmo tempo, na distancia. Parece tratarse dun ritual... Participastes algunha vez nalgún semellante?
- Parece que nos movemos no campo de sucesos paranormais, e isto pode dar pé a intercambiar información e experiencias ao respecto.
- Continúa o relato que comeza «Todo aconteceu no tempo que dura un adeus».
- «Pensei no outro lado do mar, nas terras que non se tripan e na vida que non se vive». Reflexionemos sobre esas vidas que nos quedan por vivir.
- No transcurso da novela asistimos ao paso da amizade ao amor. Parécenos este un salto natural? Pode considerarse un camiño de ida e volta: amizade e amor? Opinemos.

- «Os soños aínda son gratis» parece unha verdade contundente. Pensade noutras.
- Na páxina 186 atopamos un pasaxe na que se describen nubes con formas de figuras que se van transformando. Seguro que algunha vez pasastes tempo observándoas e asististes a espectáculos semellantes. Agora poderíades plasmalo por medio de debuxos.
- «Hai un mundo onde o horizonte se chama esperanza e no que sempre hai alguén a soñar as mesmas cousas que nós soñamos». Continúao.
- Ilustremos esta imaxe: «As gaivotas planean como se fosen parénteses no vento».

DESPOIS DA LECTURA:

- A novela sitúase claramente nun tempo pero... en que lugar a ubicas ti?
- Nalgún momento defínese a novela como aroma de sal e escuma, amor e mar... Pensa en como a definirías ti cun mínimo de palabras.
- Escribamos un relato de misterio despois de ler este que poderíamos resumir na frase que recollemos do texto «O misterio entrando nas súas vidas e el caendo nel».
- Asistimos ao descubrimento do amor, e tamén á perda do ser querido. Lembremos outras historias que reflectan esta temática.
- O medo ao inexplicable é unha das sensacións que nos produce a novela. Comentemos, entre todos e todas, outras percepcións.
- Descubrir o mundo dun cego, dun xordo, dun tetraplético... Vexamos algunha película, leamos algún relato, entrevistémonos con alguén con estas características.
- Se nos gustou esta novela busquemos outras de misterio e adentrémonos neses mundos.
- Leamos outras novelas de Antón Cortizas.



Pedidos a:

Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
 Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
 Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
 Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
 Telefax: (986) 20 13 66
 Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
 © Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
 Depósito legal: VG. 410-2005